



Con esta Hoz, de Samuel Merino. Cartografía dunha ferida indispensable

Non hai moito que poida dicir deste libro porque é un libro que se di a si mesmo. En *Con esta hoz*, os textos escritos en galego compoñen unha cartografía do poema, así como o poema é unha cartografía de todo o demais. Samuel equipara ensinar un camiño con aprender un camiño, e o libro é unha mostra deste vieiro recíproco. Para poder percorrelo, o poeta empréstanos un compás que non é máis que catro puntos unidos por fíos, horizontal e vertical, catro ángulos de noventa grados que atopan a súa coincidencia no nó do poema. Aferrámonos a este compás, seguímolo:

Ao oeste: “o cuarto onde riches por primeira vez”, o pasado estraño dos animais que sangran, o descanso dun home que está comezando a ser.

Ao sur: unha vida que pende dun fío. Un fío de sangue. Un fío de pensamento da boca ao chan, da boca á man. Aínda máis ao sur: unha pociña de palabras onde detérmonos a beber.

Ao norte: soñamos cara a arriba.

Ao leste: morremos cara a adiante

Cara a adiante, proseguimos pola selva de *Con esta Hoz*

“perseguidos por un animal

perseguido por un animal

perseguido por un animal”

Perseguido, o poemario de Samuel Merino sitúase no centro dos catro puntos cardinais, e establécese como unha ferida indispensable para pechar a ferida. Este é o interrogante, a fouce, o sorriso. Toda a felicidade de preguntar non o por que, senon o que.

No libro *A poética do espazo*, Gaston Bachelard escribe que:

“Cuántas veces se ha recordado que Leonardo da Vinci recomendaba a los pintores faltos de imaginación ante la naturaleza, que contemplaran con ojos soñadores las grietas de un viejo muro. ¿No hay un plan del universo en las líneas dibujadas por el tiempo sobre una vieja muralla? ¿Quién no ha visto en algunas líneas que aparecen sobre el techo el mapa del nuevo continente? El poeta sabe todo esto. Pero para contar a su modo lo que son esos universos creados por el azar en los confines de un dibujo y de un ensueño, va a habitarlos. Encuentra un rincón donde morar, en ese mundo del techo agrietado.”

Ao ler este texto non podo deixar de pensar nunha das ilustracións que Manuel Badás fixo para o poemario. Como vedes, ben pode ser unha póla, unha ferida ou unha fenda onde que atopar os múltiples camiños que percorre a voz do poeta. Onde atopar tamén os vértices que serven de refuxio á palabra que é, como escribe Samuel, un animal no monte. E é para chegar a ela que apartamos a maleza con este interrogante, con esta fouce.

Quería mencionar, ademais das ilustracións, o traballo de Disbauxa. Na súa editorial, mentres nós soñamos cara a arriba e morremos cara a adiante, “las letras perrean hasta el suelo y se elevan hacia el cielo”. Cuestión de dirección, cuestión de ángulo, cuestión de conectar dúas facetas do exercicio poético: o ensoño e o desfrute, a imaxe e o xogo, a materia e a forma. E a forma deste libro é única tamén en canto á lingua. Disbauxa estrea con este poemario a súa aposta polo plurilingüismo, e tamén pola oralidade. A formación, ou deformación escénica de Samuel Merino deixa pegadas todo ao longo da fouce, de forma que as que algunha vez o escoitamos recitar, escoitámolo de novo mentres lemos. Tamén

literalmente, xa que Con esta hoz inclúe un QR que nos dirixe ao audiolibro publicado por ruín alteredicións.

Con esta hoz non é un libro lixeiro, pero si un libro agradable. Funciona como oasis, como unha estación de servizo nunha encrucillada desde a que, pedindo “tiempo muerto”, podemos observar o que foi, o que será e o que podería ser. Con esta hoz, con esta voz, con esta ferida indispensable, descansamos nun poema. Un só poema condenado, citando o libro “a ser unha ponte tendida entre a vertixe e o horizonte”. Remato coa intención de tender unha ponte agora entre a fouce e vós. Tendo aquí a ponte, pero en palabras de Samuel:

“[Quen lle asegura ao animal que tender unha ponte non sexa

-en verdade-

tender unha trampa?]”